

ACORDO SOBRE O PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN DO PLAN DE RACIONALIZACIÓN DAS ESTRUTURAS ACADÉMICAS DA UDC

Proposta para o Consello de Goberno do 22 de xullo do 2015

ANTECEDENTES

PRIMEIRO

No Consello de Goberno do pasado 28 de maio, o equipo de goberno informou da súa vontade de impulsar a elaboración dun Plan Director de Racionalización de Centros e Departamentos.

As razóns que xustificaban esta iniciativa sobre o impulso dun Plan Director eran:

- tempo transcorrido desde a creación da UDC no ano 1989, así como a singular agregación de centros e departamentos producida desde entón.
- Os cambios institucionais e legais acaecidos no ámbito das estruturas universitarias como consecuencia da LOU e a súa reforma no ano 2007.
- A situación económico -orxamentaria que atravesamos o sistema universitario galego.
- escenario de crecente competencia na captación de estudantes e proxectos de investigación e transferencia.
- Os retos de mellora da eficiencia marcados polo Plan Estratégico UDC 2020.

Como obxectivos deste Plan Director, sinaláronse os de

- Reflexionar estratexicamente sobre os criterios de simplificación de estruturas administrativas da Universidade da Coruña, eliminando duplicidades innecesarias.
- Aproveitar de xeito máis eficiente os recursos orxamentarios dispoñibles.
- Axeitar as estruturas organizativas da docencia e a investigación á oferta de titulacións de grao e mestrado, así como aos procesos de acreditación de centros.

En canto ao procedemento de elaboración, sinalouse a importancia de satisfacer os criterios de participación e transparencia.

SEGUNDO

O Equipo de Goberno da UDC formuloulle ao Consello de Goberno do 30 de xuño de 2015 unha proposta de ACORDO sobre o procedemento de elaboración do Plan Director de Racionalización de Centros e Departamentos. Esta proposta, logo do debate no seo do Consello de Goberno, foi retirada. para a elaboración doutra a partir das conclusións ás que chegou o dito órgano colexiado. Os/as asinantes deste documentos propoñen, para a súa inclusión no Consello de Goberno do 22 de xullo de 2015, o seguinte:

ACORDO:

O Consello de Goberno acorda:

Primeiro: crear un grupo de traballo para o desenvolvemento das seguintes funcións:

1. A partir dun proceso de análise que permita elaborar unha diagnose da situación presente da UDC e para dar unha resposta axeitada aos vindeiros retos que encara a nosa institución, elaborar unha proposta de criterios nos que se fundamentará o *Plan*

de Racionalización das Estruturas Académicas da UDC co fin de reformar a actual organización para que sexa académicamente máis funcional e economicamente máis eficiente.

2. Abrir un proceso de exposición pública para que todos os membros da Comunidade Universitaria da UDC que o estimen oportuno poidan formular alegacións á proposta de criterios do futuro plan.
3. Como resultado do proceso exposto nos puntos 1 e 2 anteriores, elevar para o debate e, de ser o caso, aprobación polo Consello de Goberno dunha proposta de criterios que serán desenvolvidos dentro *do Plan de Racionalización das Estruturas Académicas da UDC*.
4. Elaborar para a súa aprobación no Consello de Goberno do *Plan de Racionalización das Estruturas Académicas da UDC* a partir do documento ao que se fai referencia no punto 3.

Segundo: o grupo de traballo sinalado na alínea anterior estará composto por:

- Presidente: o vicerreitor de profesorado e planificación docente (suplente: vicerreitor en quen delegue).
- Vicepresidenta: a vicerreitora de planificación económica e infraestruturas (suplente: xerente da UDC).
- Secretario: o secretario xeral da UDC (suplente: vicerreitor en quen delegue).
- Vogais:
 - Todos/as os/as directores/as dos centros da UDC. Poderán delegar esta representación nun membro do seu equipo directivo.
 - Todos os membros do PAS que sexan membros da comisión delegada de Asuntos Económicos.
 - Todos os membros do Estudantado que sexan membros das comisións delegadas do Consello de Goberno de Asuntos Económicos e da COAP.

Terceiro: Os/as directores/as de centros que forman parte da comisión terán que informar periodicamente os/as directores/as dos departamentos cuxa sede se atope no centro que dirixen da evolución dos traballos, garantindo así a correcta transmisión de ideas e observacións desde e cara a todas as estruturas académicas da UDC.

Cuarto: O grupo de traballo solicitará comparecencia de todas as persoas que resulten acaídas para o cumprimento das súas funcións consonte o seu criterio.

A Coruña, 16 de xullo de 2015

Asinantes da proposta :

- Fernando Agrasar, director da Escola Técnica Superior de Arquitectura
- Álvaro Baaliña, director da Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas
- Pedro F. Nogueira López, director da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica
- Moisés Canle, decano da Facultade de Ciencias
- José Juan Videla, decano da Facultade de Ciencias da Comunicación
- Ana Iglesias, decana da Facultade de Ciencias da Educación
- Sergio Santos, decano da Facultade de Ciencias da Saúde
- Xurxo Dopico, decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
- José Manuel Busto, decano da Facultade de Dereito

- Anxo Calvo, decano da Facultade de Economía e Empresa
- María Jesús Lorenzo-Modia, decana da Facultade de Filoloxía
- Ramón Fernández Cervantes, decano da Facultade de Fisioterapia
- Luis Hervella, decano da Facultade de Informática
- Antón Álvarez Sousa, decano da Facultade de Socioloxía
- Alberto Ramil Rego, director da Escola Politécnica Superior
- Manuel Ángel Graña, director da Escola Universitaria Politécnica
- Moisés Alberto García, decano da Facultade de Ciencias do Traballo
- Nuria Varela, decana da Facultade de Enfermaría e Podoloxía
- José L. Tasset, decano da Facultade de Humanidades e Documentación